



Emerxencia por incendios forestais

**A FUNDACIÓN EROSKI DOA 50.000 EUROS Á CRUZ VERMELLA
ESPAÑOLA PARA APOIAR A RESPOTA AOS INCENDIOS
FORESTAIS**

- **A achega contribuirá a reforzar a axuda humanitaria que a Cruz Vermella Española mantén despregada para atender as necesidades das persoas afectadas.**
- **Os incendios obrigaron a evacuar miles de persoas e mantense despregado un amplo dispositivo de emerxencia en distintos puntos do país.**

Elorrio, 30 de xullo de 2026.– A [Fundación EROSKI](#) doou 50.000 euros á Cruz Vermella Española para apoiar o dispositivo que a organización mantén activo ante os graves incendios forestais que durante as últimas semanas están afectando varios puntos do país, sobre todo a Serra Oeste de Madrid, Ávila e Castelló.

Esta achega permitirá reforzar a resposta que mantén despregada a Cruz Vermella Española, contribuíndo a mobilizar equipos, voluntarios e recursos para atender as necesidades da poboación afectada e ofrecer apoio loxístico aos servizos de emerxencia que interveñen na extinción dos incendios.

Os incendios forestais que se rexistraron nas últimas semanas obrigaron a evacuar ou confinar miles de persoas e provocaron importantes danos en numerosos concellos e espazos naturais. Ante esta situación, a Cruz Vermella Española mantén despregado un amplo dispositivo para xestionar albergues provisionais para as persoas evacuadas, distribuír alimentos, auga e produtos de primeira necesidade, prestar atención social e apoio psicosocial, e colaborar cos distintos organismos que participan nos labores de emerxencia.

«Na Fundación EROSKI, queremos expresar a nosa solidariedade con todas as persoas afectadas por esta grave emerxencia e contribuír a que a Cruz Vermella Española poida seguir mobilizando os recursos necesarios para atendelas onde máis se precisan. Con esta achega, queremos apoiar unha resposta rápida e eficaz nuns momentos especialmente difíciles», afirmou **Alejandro Martínez Berriochoa, director xeral da Fundación EROSKI.**

**EROSKI: Dirección de Comunicación
Corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

*«Agradecemos á Fundación EROSKI esta achega, que contribuirá a reforzar a axuda que a Cruz Vermella Española mantén despregada para atender as persoas afectadas polos incendios forestais. A colaboración de empresas comprometidas resulta fundamental para dar unha resposta áxil e eficaz a emerxencias desta magnitude», sinalou **Jaime Gregori, director nacional de Captación, Alianzas e RS da Cruz Vermella Española.***

Esta colaboración forma parte do compromiso permanente da Fundación EROSKI coas persoas e comunidades que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade. Mediante a colaboración con entidades especializadas como a Cruz Vermella Española, a Fundación impulsa iniciativas destinadas a dar resposta ás emerxencias humanitarias e contribuír ao benestar das persoas nos territorios onde desenvolve a súa actividade.

Acerca da FUNDACIÓN EROSKI

Fundación EROSKI é unha iniciativa impulsada por EROSKI en 1997 co obxectivo de trasladar á sociedade múltiples iniciativas de acción social, principalmente relacionadas coa investigación, a innovación, o fomento, a educación e a protección das persoas consumidoras e do medio ambiente, garantindo unha alimentación e hábitos de vida saudables; promovendo así unha sociedade máis xusta, solidaria e unida, sempre co intercooperativismo como eixo central de actuación.